

**ANEXO III**
**CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN**
**AXUDA**

Referencia: FFI2015-63523-P			
Título: Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. III. Edición crítica dixital das cantigas de amor			
CENTRO: Facultade de Filoloxía			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas de investigación en FFI2015-63523-P Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Sala 4 da Facultade de Filoloxía: 9h00 a 14h30; 16h30 a 18h30			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado <input type="checkbox"/>		* Investigador en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico de apoio á investigación <input checked="" type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Técnico administrativo <input type="checkbox"/>		Axudante administrativo <input type="checkbox"/>	
XORNADA	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	
DURACIÓN	5 meses	DATA APROX. DE INICIO	16-10-2017
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.706,25€			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 6130210553-541A-6490200			

\* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

**REQUISITOS**

TITULACIÓN: Licenciatura ou Grao en Galego
EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria
REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

LUGAR: Correo electrónico dirixido a manuel.ferreiro@udc.gal
PRAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

**ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN**

ÓRGANO: Manuel Ferreiro (IP), Xosé Ramón Freixeiro Mato e Leticia Eirín García
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Facultade de Filoloxía

**A Coruña/Ferrol, 7 de setembro de 2017**  
**O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL**

Asdo.: \_\_\_\_\_

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos

## MEMORIA DE CONTRATACIÓN

### Datos do proxecto

Título: *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. II. Edición dixital das cantigas de amor*

Referencia: FFI2015-63523-P

Investigador principal: Manuel Ferreiro

### 1. TAREFAS QUE REALIZARÁ A PERSOA CONTRATADA

Colaboración nas tarefas do proxecto de investigación *Edición dixital das cantigas de amor*, singularmente nas seguintes:

1. Elaboración e codificación informática das correccións no Glosario (glossa.gal) a partir do texto de universocantigas.gal.
2. Incorporación de revisións e/ou rectificación no texto e nas notas elaboradas e/ou publicadas na web universocantigas.gal
3. Incorporación informática de nova información e rectificación de datos xa introducidos no banco de datos informático de universocantigas.gal, tanto na vertente textual como na do glosario.

### 2. XUSTIFICACIÓN DA DURACIÓN DO CONTRATO

As tarefas teñen unha duración programada (e aproximada) de 5 meses.

### 3. REQUISITOS

- 3.1. Titulación: Licenciatura ou Grao en Galego (en calquera das súas modalidades)
- 3.2. Experiencia na elaboración e manexo de bancos de datos, páxinas web e mais glosarios e textos medievais galegos.

### 4. CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 4.1. Expediente académico dos estudos universitarios cursados na titulación esixida (máximo de 4 puntos, segundo cualificación). Só se terán en conta os expedientes académicos a partir de 1.5 puntos (sobre 4).
- 4.2. Experiencia en traballo editorial de tipo académico (máximo 6 puntos: até 0,5 por mes).
- 4.3. Experiencia de traballo con tecnoloxías lingüísticas e páxinas web (máximo 6 puntos: até 0,5 por mes).
- 4.4. Outros méritos alegados pola persoa solicitante (máximo de 2 puntos): coñecemento acreditado de idiomas, conforme o nivel do título (até 1 punto, correspondendo un máximo de 1 punto ao nivel máis alto, e un máximo de 0,10 ao nivel máis baixo); outros estudos universitarios oficiais –licenciaturas, mestrados etc.– (até 1 punto, segundo afinidade co proxecto).
- 4.5. Entrevista persoal (facultativa) (máximo de 2 puntos).

### 5. DOCUMENTACIÓN

As persoas candidatas deberán presentar:

- 5.1. Instancia de solicitude indicando a referencia da convocatoria.
- 5.2. Copia do documento de identidade.
- 5.3. Copia do expediente académico.

5.4. *Curriculum vitae* cos méritos alegados para a súa valoración.

Todos os méritos alegados deberán acreditarse documentalmente, a través das copias pertinentes. De ser requerida pola Comisión de selección, a persoa solicitante deberá presentar a documentación orixinal.

## **6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

6.1. As solicitudes remitiranse por correo electrónico a [manuel.ferreiro@udc.gal](mailto:manuel.ferreiro@udc.gal), indicando no asunto da mensaxe “Contrato Universo Cantigas”.

6.2. Dez días a partir da publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC.

## **7. ÓRGANO DE SELECCIÓN**

As solicitudes serán avaliadas por unha comisión formada por Manuel Ferreiro (IP) e mais Xosé Ramón Freireiro Mato e Leticia Eirín García (membros do equipo de investigación).